




Manuel María, desde a óptica total

Convertido en auténtico libro do ano, con numerosos premios, entre eles o da Crítica Galega, a *Poesía Completa* de Manuel María foi unha das grandes apostas de Espiral Maior para esta temporada e, sen ningunha dúbida, o esforzo pagou a pena para presentarles ós lectores unha das líricas que máis pegada imprentou na poesía galega dos anos sesenta e setenta. Unha coidada edición e unha esixencia editorial da que se encargou o propio director da editorial, Miguel Anxo Fernán Vello, permiten que este libro (un volume dobre) non perda vixencia algunha para ser o regalo idóneo do nadal. É, ademais, unha oprotunidade para obter unha perspectiva ampla da poesía do poeta chairego e dos variados rexistros que tocou na súa xa longa traxectoria de amor, combate e metros intimistas. Desde aquel *Muiñeiro de brétemas* que abriu a escura postguerra, por vez primeira, á lírica en galego, a obra de Manuel María amosa a súa poderosa ductilidade e habilidade dun poeta que non se conformou con usar as canles do clasicismo —o soneto é o eixe dunha parte significativa dos seus poemas— senón que buscou constantemente a renovación da súa poesía para adecuala ós tempos da vangarda. Poemas que saben a terra e a pan recién sacado do forno, pero que tamén saben a sangue que abrolla do centro mesmo da existencia, cunha melodía que canta tanto ós máis cativos como ós máis vellos. Un libro que fará as delicias dos amantes do verso e da palabra.